

ACTA Nº 18-2012

1ª DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 29/11/2012-

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

Concelleiros ausentes:

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra ás **20:02 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2011

4º.- RATIFICACIÓN DA R.A.Nº 606/2012, DE MODIFICACIÓNS DO ACORDO PLENARIO DO 27.09.2012 RELATIVAS AO PLAN DTC 94 (E RECTIFICACIÓN DE ACTA)

5º.- APROBACIÓN DE NOVOS FICHEIROS DE PROTECCION DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.

6º.- INCOACCIÓN DO EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DO XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.

7º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 17 Sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2012

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto queda APROBADA a citada acta por unanimidade dos presentes, 14 dos 17 que legalmente a constitúen.-

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de outubro de 2012 ata o 31 de outubro de 2012, que comprenden os números 528/2012 ao 572/2012, de cuxa relación deuse copia aos voceiros dos grupos.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 20 Sesión ordinaria do día 09 de outubro de 2012.
- Acta Nº 21 Sesión ordinaria do día 23 de outubro de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- APROBACION DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2011

O Sr. Alcalde parte da proposta que se efectuou á Comisión Especial de Constas que dicía:

<<Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo correspondente ao exercicio económico de 2011, no que consta a documentación prevista nas regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade, aprobada por orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro de 2004.

Considerando que o artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto - Lexislativo 2/2004 atribúe ó Pleno a competencia para a súa aprobación, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2011 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Dispoñer a súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito mais poderán presentarse reclamacións, reparos e observacións, conforme ao disposto no artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo de 2012, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.>>

Someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS do día 09/10/2012, sendo este favorable.

O devandito expediente estivo exposto ao público no BOP nº 202, do 23/10/2012 e no taboleiro de anuncios do concello dende o día 24/10/2012 ao 20/11/2012, non constando alegación ningunha, procede entón **traer a CONTA XERAL a aprobación polo pleno corporativo e posterior remisión ao Consello de Contas.**

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que visto o informe de intervención e as súas conclusións, reservaranse ata a aprobación dos orzamentos do ano próximo.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que visto o informe de intervención e o resumo é positivo, os ingresos foron suficientes para cubrir os gastos, é certo que o remanente de tesourería é negativo e vai haber que corrixir esa deficiencia; en canto as previsións fallidas resultan da diminución de ingresos derivadas do descenso en número de expedientes urbanísticos.

Concreta que a evaluación orzamentaria presenta un resultado axustado positivo de 78.973,00€, no que os ingresos, a pesares de sufrir unha redución do 27% (- 2.665.000,00€) con respecto a 2010, foron suficientes para cubrir as obrigas recoñecidas, producíndose un superavit orzamentario con aforro neto final de 4.871,00€.

Debemos indicar que o capítulo de gastos tivo así mesmo unha variación de - 28% (- 2.687.000,00€) con respecto ao exercicio anterior ao tempo que as inversións reais tiveron un descenso do 66,64%, debido especialmente á supresión dos plan estatais, Plan E e Plan Feils. O grado de execución neste apartado de gastos foi do 86,82%, o que supón unha desviación do 13,18%.

No capítulo de ingresos o grado de execución do orzamento respecto ás previsións iniciais foi do 84%, fallando as previsións nos impostos indirectos e no apartado de transferencias correntes.

O endebedamento a 31.12.2012 é de 4.588.313,75€ (78,76%), continuando o remanente de tesourería en negativo na cantidade de 562.360,00€, contemplando para a corrección orzamentaria as seguintes medidas:

- Axuste rigoroso das estimación dos ingresos
- Axuste á baixa do estado de gastos
- Mellora das políticas recadatorias, aínda que neste acción non queda moita marxe de mellora ao estar a recadación voluntaria nun 94% aproximadamente e a executiva nun 3%,

A execución destas medidas deben realizarse coa máxima prudencia para asegurarnos que non afecten de forma grave aos servizos municipais máis esenciais, debendo ter presente que temos presentado un Plan de Axuste, aprobado polo Ministerio de Facenda, cun horizonte de 10 anos que posibilitará a corrección do remanente negativo actual de tesourería.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a aprobar xa que non houbo alegacións e non vai o BNG a impedir que o concello poida cubrir as necesidades veciñais.

O alcalde di que esta conta é especial xa que parte corresponde a este mandato e a outra metade ao goberno anterior, coincide coa peor situación de crise económica pero aínda así se adoptaron medidas e se vai en bo camiño, acatando o plan de axuste. Non hai preocupación porque hai un gran déficit que non se pode corrixir nun só exercizo, estase a ver nos asuntos que se traen a pleno, e ademais ninguén do grupo de goberno esta por facer un gasto “cero” en servizos básicos, “cero” en melloras sociais, “cero” en inversións, a este seguro que en eso tamén están de acordo os membros do grupo do PP.

En calquera caso saen unhas contas que van mellorando, en base á contención e austeridade, ser comedidos nos gastos, procurar axudas para financiar os custes, e facendo progresos para que as contas sexan mellores. Quedase co alto número de ingresos recibidos e que se están dando avances, e é consciente de que o desexo da intervención é que se corresponda o previsto co necesario pero se esta nel e esta contento cos progresos acadados.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 3 do PSOE), 5 votos en contra (dos 5 membros do PP) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

4.- RATIFICACIÓN DA R.A. Nº 606/2012, DE MODIFICACIÓNS DO ACORDO PLENARIO DO 27.09.2012 RELATIVAS AO PLAN DTC 94 (E RECTIFICACIÓN DE ACTA)

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tralo acordo plenario adoptado no seu día ao respecto, e efectuadas as emendas xa de conformidade coas esixencias das bases e da Deputación Provincial, ditouse a Resolución de Alcaldía que se indica co fin de axilizar a tramitación para a súa inclusión no pleno provincial inmediato.

Asemade observouse que na acta da sesión plenaria do 27/09/2012 recolleuse por erro a proposta inicial - con catro proxectos e sen financiamento de gasto corrente- en vez da proposta que realmente se acabou sometendo a ditame da Comisión Informativa e do Pleno municipal, con 3 proxectos e financiamento de gasto corrente. Esta acta xa esta aprobada no pleno de 25/10/2012 polo que soamente cabe a súa rectificación via o presente acordo.

Polo exposto, esta Alcaldía somete ao pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO: Rectificar a acta da sesión plenaria do 27/09/2012, de xeito que quedan eliminadas as referenzas ao proxecto de "*Saneamento en Té: conexión polígono*", xa que logo a proposta que se tratou non incluía a este. Por ende mudaron os cadros das letras A) relativo a obras e subministracións de xeito que quedan soamente os outros tres proxectos, D) relativo ao financiamento do gasto corrente do concello anualidade 2012 que pasou a recoller o importe de 72.670,22€ derivado da supresión do proxecto no apartado A) e tamén varia, en consecuencia, o apartado E) do Resumo.

Non se concreta o texto xa que logo vaise ver variado de novo co apartado seguinte.

SEGUNDO: Ratificar a Resolución de Alcaldía nº 606/2012, do 15 de novembro, que textualmente di:

<< **Decreto nº 606/2012**
Ref. Modificacións Plan DTC 94

O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión do 27/09/2012 adoptou o acordo de inclusión no "Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos" polo que concretaba o destino que solicitaba aos 209.103,30€ que se lle asignaban.

Unha vez remitida a documentación correspondente recibíuse o día 09/10/2012 (RXE nº 7310) requirimento de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña de varios aspectos.

Se ben a emenda non varia nin cales son os proxectos presentados ao abeiro do Plan DTC nin as súas cuantías, si se requiriu complementar dous deles cun plan de xestión de residuos, e o que se achegara como anteprojecto precisou do seu desenvolvemento como proxecto. Asemade houbo de rectificarse un erro aritmético detectado nos orzamentos dos dous proxectos. Trala corrección e remisión dos modificados e conformidade da Deputación Provincial da Coruña considerase pertinente por razóns de seguridade xurídica someter estes ao Pleno de novo.

Asemade, no tocante aos honorarios de redacción de proxectos que este pleno acordou incluír con cargo ao Plan resulta que sendo o seu importe inferior as esixencias de licitación da normativa aplicable tanto en materia de contratación como de subvencións se encargaron directamente, sen embargo, as bases que rexen este plan requiría contrato en calquera caso. Por ilo, e co fin de non ser aceptados no plan estímase conveniente efectuar unha modificación de destino de xeito que se anule os honorarios de redacción de proxectos con cargo ao plan, e eses 4.600€ podan incrementar o financiamento de gasto corrente que se preveía.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Aprobar os proxectos modificados que se incluíron no acordo plenario do 27/09/2012 trala emenda de varios aspectos segundo se indica:

- “*Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia*”, redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente, colexiado nº 1463 do COAG, cun valor estimado de 30.764,16€, e ive de 6.460,47€, sendo o orzamento total de 37.224,63€.

Inclúe o seu plan de xestión de residuos que o complementa (RXE nº 7420, do 16/10/2012) redactado polo mesmo técnico, e substitúese a folia final do orzamento coas partidas económicas corrixidas sen variar o seu montante final.

- “*Melloras de viais en diversos puntos do Concello de Rianxo*”, redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente, colexiado nº 1463 do COAG, cun valor estimado de 42.620,70€, e ive de 8.950,35€, sendo o orzamento total de 51.571,05€.

Inclúe o seu plan de xestión de residuos que o complementa (RXE nº 7421, do 16/10/2012) redactado polo mesmo técnico, e substitúese a folia final do orzamento coas partidas económicas corrixidas sen variar o seu montante final.

- “*Proxecto de reposición de lineas de alumeadado público do Polígono de Té*”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Daniel Sineiro Fontenla, colexiado nº 1351, cun valor estimado de 35.568,10 €, e ive de 7.469,30€, sendo o orzamento total de 43.037,40€.

Que substitúe ao Anteprojecto do mesmo nome.

Non hai mais proxectos.

Segundo: Modificar a participación no “Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, de xeito que:

- Se anula a solicitude de aplicación da subvención á seguinte finalidade:

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS ACHEGAS
<i>Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia</i>	1.572,00€	0,00	1.572,00€	0,00
<i>Melloras de viais en diversos puntos do Concello de Rianxo</i>	3.028,00€	0,00	3.028,00€	0,00
T O T A L	4.600,00€	0,00	4.600,00€	0,00

En consecuencia xa non se solicita para este fin anulándose a solicitude anterior.

- Se incrementa a solicitude de financiamento de gasto corrente nos seguintes termos:

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
	77.270,22€	153.667,51€*	0,00

*Previsión de gastos orzamento 2012 informado o 28/11/2011 para o POS se ben non financiaría o gasto corrente solicitado.

En conclusión, a solicitude da aplicación da subvención asignada será no seu conxunto para a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
"Melloras nos Parques infantís da Urbanización Martelo e do Parque Galicia"	37.224,63€	0,00	37.224,63€
" Melloras de vias en diversos puntos do Concello de Rianxo"	51.571,05€	0,00	51.571,05€
" Anteproxecto de reposición de liñas de alumeado público do Polígono de Té"	43.037,40€	0,00	43.037,40€
T O T A L	131.833,08€	0,00	131.833,08€

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras

Non se solicita.

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

Non se solicita.

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
	77.270,22€	153.667,51€*	0,00

*Previsión de gastos orzamento 2012 informado o 28/11/2011 para o POS se ben non financiaría o gasto corrente solicitado.

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	131.833,08 €	0,00	0,00	131.833,08€
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS	0,00€	0,00	0,00	0,00 €
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	NON	NON	NON	NON
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	77.270,22€	138.358,15	NON	215.628,37€
TOTAL	209.103,3€	0,00	0,00	347.461,45€

Terceiro : Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

Cuarto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Quinto: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 26/11/2012, sendo este favorable.

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que xa o PP preguntara sobre os emolumentos profesionais por iso vanse abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que apoian e o que se fai é axustarse ao esixido pola Deputación substituíndo un aspecto por outro sen afectar ao montante total.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a ratificar xa que son cambios que se precisan para a súa tramitación e inclusión no plan.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 3 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero a votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

5.- APROBACIÓN DE NOVOS FICHEIROS DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Unha vez aprobado o Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal (BOP Nº 16, do 25/01/2011) en cumprimento do artigo 20 da lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e dado que este concello dispón de varios programas informáticos e bases de datos nos que se manexan datos de carácter persoal, ten a obriga, en cumprimento da lexislación citada, de aprobar a creación dos correspondentes ficheiros.

Este proceso vense desenvolvendo neste concello dende o ano 2011, estando aprobados, publicados no BOP e inscritos na Axencia Estatal de protección de datos varios ficheiros. Así a día de hoxe contase cos seguintes ficheiros municipais:

Identificación	Nome do Ficheiro
A	SIUSS (Sistema de información de usuarios de Servizos Sociais)
B	RECURSOS HUMANOS
C	PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
D	REXISTRO XERAL
E	SANMAT(Sistema de información de obrigas tributarias dos contribuintes)
F	AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Sendo elaborados novos ficheiros polos departamentos municipais, esta Alcaldía, somete ao Pleno corporativo, unha vez se informen pola Comisión informativa correspondente, o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobación dos seguintes ficheiros de protección de datos de carácter persoal que se achegan como anexos a esta proposta:

- FICHEIRO H: INFORMACIÓN CATASTRAL PIC
- FICHEIRO I: ANIMAIS DE COMPAÑIA

Segundo: Inscríbense no Rexistro Xeral de Protección de datos os ficheiros aprobados no apartado primeiro segundo o estipulado no artigo 130 e seguintes do Rd. 1720/2007.-

Terceiro: Comunicar aos departamentos afectados para a súa aplicación de conformidade coa Lei 15/99 lembrándolles que as persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

ANEXO

ANEXO I. FICHEIRO H: INFORMACION CATASTRAL (PIC)
--

NOME DO FICHEIRO: Información catastral (PIC)

En relación coa aplicación informática mencionada, crease o ficheiro citado, coas seguintes especificacións:

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Obtención de datos da Oficina do catastro para proporcionar información catastral ás persoas interesadas titulares dos inmobles ou os seus representantes ou persoas autorizadas nos termos e coas limitacións da normativa aplicable.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Titular catastral do inmovible, persoa autorizada por el ou representante que solicitan o uso do servizo para obter os datos catastrais dos seus inmobles.

C) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

Os datos obteranse dos formularios de solicitude presentados e rexistrados no concello tanto en soporte papel coma informático ou electrónico, cando este habilitada esta opción.

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos do titular catastral do inmovible ou da persoa autorizada ou representante acreditado (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo e teléfono, correo electrónico) e títulos de propiedade dos bens inmobles.

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo persoal técnico do Departamento de Recadación.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal técnico do Departamento de Recadación será a persoa perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Automatizado

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter mixto.

ANEXO I. FICHEIRO I . REXISTRO MUNICIPAL ANIMAIS DE COMPAÑÍA (RMAC)

NOME DO FICHEIRO: Rexistro Municipal de Animais de Compañía (rmac)

En relación coa aplicación informática mencionada, crease o ficheiro citado, coas seguintes especificacións:

A) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Conter os datos relativos ao Rexistro Municipal de Animais de Compañía segundo Ordenanza reguladora para a tenenza, defensa e protección destes do Concello de Rianxo e demais normativa de aplicación.

B) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Propietarios ou responsables de animais de compañía.

C) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoal técnico do Concello en base á información facilitada polo titular ou responsable do animal, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

D) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos do dono e/ou propietario do animal: nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono. Datos do animal: número de microchip, nome, raza, cor, sexo, data de nacemento e tamaño. Comunicaranse, de se-lo caso, cambio de propietario e falecemento do animal.

E) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos ó SEPRONA . Asi mesmo, poderán transferirse a outras Administracións Públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo persoal técnico da ÁREA DE MEDIO AMBIENTE.

G) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal técnico da área de medio ambiente, serán as persoa perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H) SISTEMA DE TRATAMENTO: Automatizado

I) NIVEL DE PROTECCIÓN:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOR do día 23/11/2012, sendo este favorable.

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que están conformes xa que se corresponden con unha actuación como é o do punto de información catastral ao que está vinculado permitindo un acceso a disposición dos veciños do concello. En canto ao relacionado cos animais é obrigado rexistralo.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a aprobar estes ficheiros xa que esa información debe estar protexida nos respectivos departamentos (recadación e medio ambiente). O ficheiro relativo aos animais perigosos se aprobara aparte debido á súa peculiaridade.

O alcalde quere engadir que esta orgulloso do equipo humano que permitira achegar xa ata aquí, cando noutros concellos teñen que contar cunha empresa para empezar e aquí a empresa especializada simplemente botará unha man. Remata dicindo que se corresponde coas obrigas legais na materia.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 3 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero a votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

6.- INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DO XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Recibido escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (rex. entrada de 21/11/2012, nº 8358), polo que se comunica que estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou Xuíz de Paz Substituto .

Visto o informe de Secretaría de data 21/11/2012.

Considerando o disposto na Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder xudicial (LOPX), Lei 39/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e Planta xudicial (PDPX) e Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (RXP), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíz de Paz Substituto do Concello de Rianxo que se axustará as bases seguintes

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO

Estando vacante a praza do Xuíz de Paz Substituto do Xulgado de Paz deste Municipio e tendo en conta o acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este concello para que se inicie novo expediente ao efecto, efectúase convocatoria pública, co fin de que as persoas interesadas poidan presenta-las instancias, no Rexistro do Concello de Rianxo, durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria

no BOP da Coruña. A convocatoria publicarase igualmente, mediante edictos, no taboleiro de anuncios municipal, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

1.- CONDICIÓN LEGAIS DO SOLICITANTE.

Para poder concorrer precísanse os seguintes requisitos:

a) Ser español.

b) Ser maior de idade.

c) Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss.

2.- INCAPACIDADES.

Están incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dicte auto de sobresemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- DOCUMENTOS QUE SE AHEGARÁN COA SOLICITUDE.

Os interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- b) Certificación médica, expedida pola Xefatura Provincial de Sanidade, acreditativa expresamente de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.
- c) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se encontra inculcado o procesado".-
- d) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).
- e) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.-

4.- PROCEDEMENTO. Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, polo Pleno do Concello procederase á elección de Xuíz de Paz Substituto entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

De non presentar solicitudes, o Pleno do Concello elixira libremente.

O acordo do Concello será remitido ao Xuíz de primeira instancia e instrucción do partido xudicial, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O nomeamento do Xuíz de Paz Substituto será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

Segundo.- Que se proceda á publicación da convocatoria pública no BOP da Coruña e, mediante edictos, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Padrón e no propio Xulgado de Paz.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERIOR do día 23/11/2012, sendo este favorable.

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a aprobar.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a aprobar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 3 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero a votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

7.- MOCIÓN DE URXENCIA

O Alcalde expón a necesidade de tratar este asunto para poder atender unha serie de gastos antes de final de ano non podendo demoralo para o pleno seguinte.

Aínda que o trae por urxencia someteuse a ditame da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 27 de novembro de 2012 para o seu coñecemento pola corporación antes de traela a pleno, sendo este favorable.

A) URXENCIA DO ASUNTO:

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 14 concelleiros (os 6 do BNG, os 5 do PSOE-PSdeG e os 5 do P.P), cero abstencións, e 0 votos en contra do total de 14 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA PROPOSTA.

O Alcalde comenta a proposta que xa se remitiu aos grupos políticos:

<<Visto o expediente sobre modificación de créditos do orzamento municipal de gastos para o actual exercicio, no que se inclúen transferencias de crédito de diferentes areas de gastos á por un importe de 120.729,12 €

Sendo o expediente tramitado en virtude da memoria da Alcaldía de data 26/11/2012 e providencia dictada como consecuencia daquela, supón a minoración do crédito de aplicacións orzamentarias, cuxas dotacións se estima reducibles sen perturbación do respectivo servizo para incrementar o crédito doutras aplicacións orzamentarias existentes.

Incorporado o preceptivo informe de intervención, con data 26/11/2012.

Discutidos tódolos pormenores que figuran na referida memoria, e que a modificación que se propón non producirá perturbación do servizo, nin do interese municipal, **esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o expediente *Transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto*, que supón a baixa na contía do crédito da aplicación que a continuación se establece e o correlativo incremento do crédito da aplicación de gastos que tamén se especifica a continuación:

MINORACIÓN DAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132.120.01	Seguridad /Sueldo base	20.092,38 €
920.352.00	Administración general/Intereses de demora	43.556,24 €
163.227.06	Limpieza viaria/Estudios e traballos técnicos	30.000 €

161.609.00	Saneament Abastecemento/Outras inversións infraest.	18.193,75 €
132.121.01	Seguridad complemento específico	8.886,75 €
	IMPORTE TOTAL	120.729,12 €

INCREMENTO DAS APLICACIÓN ORZAMEN- TARIAS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330.226.99	Cultura /Gastos diversos	18.500 €
341.226.96	Promocion fomento deporte/Gastos diversos	30.000 €
330.213.00	Cultura/ Maquinaria, inst . e utillaje	2.336,78 €
330.220.01	Cutura/prensa , revista	10949.50 €
330.221.00	Cultura/Enerxia electrica	3.417,24 €
330.226.02	Cultura/Publicidad y propaganda	3.338,10 €
340.226.99	Deportes/gastos diversos	5.458,38 €
453.221.03	Carreteras/Combustible	10.080,72 €
431.213.00	Comercio/Maquinaria, instalaciones utillaje	1.869,06 €
453.214.00	Carreteras/Maquinaria , inst e utillaje	5.530,38 €
431.213.00	Comercio/Maquinaria, instalaciones e utillaje	2.280,67 €
453.213.00	Carreteras/ Maquinaria, instalaciones e utillaje	1.468,29 €
453.226.99	Carreteras/Gastos diversos	10.000 €
431.226.99	Comercio/Gastos diversos	4.000 €
491.226.99	Sociedad de la información/gastos diversos	3.500 €
337.226.99	Ocio e tempo libre/gastos diversos	8.000 €
	IMPORTE TOTAL	120.729,12 €

Segundo: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen mais trámites, polo que se deberá introducir na contabilidade da Corporación os axustes derivados de dito expediente

Terceiro: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello..>>

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que xa lles chamou a atención. Vanse abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que van a apoiar porque posibilita que se fagan certas actuacións e xestións en diferentes áreas cando eses cartos non se precisan noutras áreas.

O alcalde di que se mirou a posibilidade de facer un pleno extraordinario pero consultado coa secretaria, veuse a posibilidade de tratalo por urxencia.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a aprobar.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que non critica a forma.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 6 do BNG e os 3 do PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do

PP) e cero a votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

7.2.- MEDIDAS ENCAMIÑADAS A PALIAR A SITUACIÓN DOS AFECTADOS E AFECTADAS POLOS DESAFIUZAMENTOS (RXE nº 8500, do 27/11).

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde explica a urxencia pola situación actual.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 14 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toda vez que no pleno ordinario do mes de xuño do corrente ano temos aprobada por unanimidade unha moción que recolle o sentir desta corporación, entre outras solicitando a dación en pago, compre dar un paso máis na adopción de medidas concretas por parte deste concello para apoio das familias afectadas, á vez que instar á colaboración doutras administración no tecido dunha rede de alugueiro social.

Por todo isto sométese ao apoio por parte desta corporación os seguintes

ACORDOS

- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsables dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contras os desafiuzamentos. Estudará a posibilidade de axudas ao alugueiro e para evitar o corte de subministracións básicas como auga, gas ou luz e acceso banco de alimentos municipal.

- Orientación e asesoramento legal aos/ás veciños do municipio que teñan problemas para facer fronte ao pago dos compromisos adquiridos para a compra das súas vivendas habituais e non acadasen un acordo previo coa entidade bancaria correspondente.

- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha até que entre en vigor un novo marco legal e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para casos de desafiuzamento.

- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello procederá na medida que sexa posíbel, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.

- O Concello publicará na web municipal todos os datos das entidades bancarias socialmente comprometidas que paralicen os desafiuzamentos de vivenda radicadas no termo municipal, así como os nomes das que cooperen á hora de facilitar alugueres sociais substitutivos.

- O Concello plantexará a redución máxima da cota tributaria do imposto de plusvalía para as persoas afectadas que sufran as perdas da súa vivenda en subhasta e para aquelas persoas que logren a dación da súa vivenda en pago da súa débeda, en aqueles supostos que a Lei o permita.

- O Concello non facilitará a colaboración da policía local nos procesos de desafiuzamento das familias do municipio.

- Instarase á Xunta de Galicia a que poñe en marcha o servizo de Mediación hipotecaria ao tempo que reforce a plática de aluguer social como medida paliativa de cara ás familias que se vexan expulsadas da súa vivenda habitual.

- Instarase á Deputación da Coruña a que colabore co goberno autonómico nesta dirección, reforzando a coordinación e ampliación do gasto social dirixido a paliar os problemas da vivenda.>>

O alcalde engade que aquí, polo de agora, son escasos os casos de desafiuzamentos se ben lembra aos presentes que aquí houbo algunha familia que tivo que facerlle fronte fai tempo. En calquera caso, había que dar un paso máis dentro das medidas xa coñecidas noutros lugares e que ademais gozan de apoio incluso pola propia FEGAMP. Expresa o seu rexeitamento á contradición de que o banco primeiro lle vale dar hipotecas sen problemas e logo se lave as mans.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que é certo que o fondo desta moción, é un tema ben delicado e de moita actualidade, no que se evidencia cómo os efectos da crise mostran a súa faciana máis dura. É unha realidade, que no contexto de crises económica, moitos aspectos da lexislación hipotecaria española, arrombaron a milleiros de familias a unha situación de precariedade económica ante a incapacidade de facer fronte ás súas obrigas asociadas a préstamos. É certo que en caso de execución hipotecaria, por impago das cuotas, se a poxa queda deserta, a entidade prestataria, adxudicase a vivenda polo 50% do valor de tasación, e segue reclamando o pago da débeda restante mais intereses e costas xudiciais, mediante embargo de nóminas, contas, embargos a avalistas..., co cal moitas familias quedan sen vivenda e unha carga futura que se fai insoportable.

Continúa dicindo que o PP non vai negar o desequilibrio que se produce na relación xurídica entre as entidades financeiras e os particulares. Se pode coincidir en que o contexto económico e a compilación lexislativa aplicable, contribuíron a lanzar á pobreza a moitas familias. A cuestión posúe fondas implicacións xurídicas, económicas e lexislativas.

O PP comparte a necesidade de dar unha resposta lexislativa a unha problemática social, e froito desa vontade dende o primeiro momento en que chegou ao goberno do Estado no pasado mes de Nadal, propúxose aportar solucións a este problema de tanta complexidade. Evidencia da importancia e prioridade que concedeu o Goberno do PP o asunto, é que xa o 9 de marzo se aprobara o R.D.-Lei 6/2012, de medidas urxentes de protección de deudores hipotecarios sen recursos. O modelo de protección deseñado, xira en torno á elaboración dun código de boas prácticas ao que voluntariamente xa se adheriron as entidades de crédito e outras entidades que de xeito profesional conceden créditos ou préstamos hipotecarios. O antedito código inclúe 3 fases de actuación:

- Procurar a reestructuración viable da débeda hipotecaria, a través da aplicación aos préstamos ou créditos dunha carencia (ata 4 anos) na amortización e unha redución do tipo de interés durante 4 anos e a ampliación do prazo de amortización (ata 40 anos).
- Na segunda fase as entidades poderán ofrecer aos deudores unha quita sobre o conxunto da débeda.
- Os deudores poderán solicitar e as entidades deberán aceptar, a dación en pago. Neste suposto as familias poderán permanecer na súa vivenda durante un prazo de 2 anos satisfacendo a renta asumible.

Para o PP, é prioritario intervir de face á que non se teña que abandonar a vivenda, é dicir, procurar que non se chegue á temible fase de execución hipotecaria. Ademais disto, en Galicia, aprobouse e así o publica o Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 29 de xuño, a nova Lei de Vivenda, que prevé unha serie de medidas para paliar os efectos da crise sobre os galegos con dificultades para afrontar as súas hipotecas. Salientar, que a Xunta de Galicia, leva moito tempo traballando co criterio de actuar coa máxima sensibilidade nos casos en que as familias afectadas posúan vivendas VPO tanto en propiedade coma en aluguer. O Instituto Galego de Vivenda e Solo busca solucións aos problemas ofrecendo facilidades de pago e nalgúns casos períodos de carencia. Hai un centenar de expedientes nos que se está chegando a acordos. A nivel estatal, sinalar que estes últimos días, leváronse a cabo

reunións entre o Goberno e o PSOE, co obxectivo de abordar medidas inmediatas para paliar o problema dos desafiuzamentos.

O Real Decreto Lei que se pon en marcha de xeito urxente acorda a paralización inmediata dos desafiuzamentos para certos colectivos vulnerables. Os requisitos para a paralización inmediata, sen coste para o deudor son:

- Que as familias non superen un nivel de rentas por riba dos 1.597€ mensuais.
- Que exista unha alteración das circunstancias económicas (cuota hipotecaria superior ó 50% dos ingresos).
- Que o crédito hipotecario sexa sobre a única vivenda en propiedade.

O PP quere ofrecer solución e tratamento xusto e equilibrado ás familias que se atopan en situacións complexas derivadas da perda do posto de traballo e da incapacidade de facer fronte ao pago da hipoteca, buscando alternativas como ampliar prazos, ou entregar a vivenda en dación en pago pero quedándose nela cun aluguer con renda social. Non cabe dúbida algunha, de que o drama dos desafiuzamentos, constitúe un gráfico expoñente da crise e da situación crítica do país, como tampouco cabe dúbida algunha da fonda preocupación e a máxima ocupación do PP neste asunto que consideran de gravidade.

Resumindo: O Goberno de España está traballando con determinación, con celeridade e sen pausa, e o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia tamén o fan para minorar esta grave problemática.

O PP, quere transmitir tranquilidade a cidadanía, á vez que traballa decididamente co PSOE e co resto dos grupos con representación parlamentaria, na busca dunha solución inminente. O PP vai dar solución a este gravísimo problema.

Cantas actuacións ou políticas se queiran adoptar ou implementar a nivel municipal, pertencen en exclusiva á autonomía local. E por ende que o noso Grupo Popular Municipal está a favor dos acordos plantexados polo Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo excepto nos dous últimos puntos, pois entende que tanto a Xunta de Galicia como a Deputación xa están a traballar en elo.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a proposta traída a este pleno e fundamentalmente local pero escoitado ao voceiro do PP falando dun “código de boas prácticas”, que “o estado vai dar solución a esta situación”, etc, non pode mais que recalcar que o único que fixo o PP é aprobar un parche. Esta norma é unha moratoria de 2 anos na que se acumulan os intereses e vai converter o problema en máis grave; por iso a única vía e facer unha reforma da lexislación hipotecaria e o beneficiado segue a ser a Banca. En Rianxo hai familias afectadas e para os que se trae esta proposta na que se contempla unha comisión de investigación para axudar, apoiar e asesoralas neses momentos difíciles e dentro das posibilidades do concello.

En canto as outras medidas da proposta di que con dubida das boas practicas das entidades bancarias, vaise comprobar a sensibilidade daquelas entidades que adoptan medidas para evitar chegar a estes extremos. En canto á cota tributaria e un modo de contribuír a reducir a carga económica. Xa no tocante a non colaboración da Policía Local enténdeo propio de non apoio a esta situación. Por último instar a Xunta de Galicia para acadar un servizo de mediación e unha política de aluguer social. E pechando, di, instar ao PP para que ac-túe nese sentido.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, quere lembrar as reunións de PSOE-PP neste tema dende marzo de 2012. Manifesta que xa non lle vale ao BNG a adopción de medidas non resolutorias que van no lombo dos cidadáns, (perdendo empregos, reducindo as axudas, privatizando a sanidade a educación...) Fai falla medidas drásti-

cas, e si teñen que entrar os concellos neste asunto porque son os que día a día saben da difícil situación dos seus veciños o farán, e por elo deben presionar ao goberno estatal e o da Comunidade Autónoma para cambiar a normativa mellorándoa en favor dos cidadáns e non enriquecer a banca.

O alcalde expón que esta proposta partiu dunha situación concreta na que un veciño non puido afrontar a hipoteca e tivo que entregar o piso sen ben podía vivir nel pagando un alugueiro social, pero para iso necesitaba uns ingresos e esa axuda deuse polos servizos sociais deste concello, postos en contacto coa xefatura territorial non podían resolver sobre a RISGA ata pasar dous meses, por todo ilo é necesario esta proposta, sendo necesario que se reduzan os prazos para estas tramitacións que atenden necesidades urxentes.

Sabe que o PP aínda que non apoia a proposta virá a comisión e traballará cóbado con cóbado para axudar nos casos que xurdan neste municipio.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor da totalidade de concelleiros presentes, esto é: 14 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, que son maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

7.3.- 1 DE DECEMBRO: DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA O VIH/SIDA (RXE nº 8499, do 27/11).

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 14 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

Abandonan o salón de plenos as concelleiras do PP D^a. María de las Nieves Vicente Varela e D^a. Ana María Eitor Vidal.

Auséntase do salón de plenos a interventora D^a. Agueda Bello Valdés.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 1 de Decembro, conmemórase o Día Internacional de loita contra o VIH/SIDA. Un día crucial para recordar e dar a coñecer ao mundo a epidemia global cauda pola extensión da infección do VIH. Desde o primeiro diagnóstico, no ano 1981, producíronse máis de 25 millóns de mortes relacionadas co VIH/sida en todo o mundo, converténdose nunha das epidemias máis mortais da historia.

A redución das axudas destinadas á prevención, concienciación, investigacións e tratamento do virus VIH/SIDA por parte do Goberno de España leva unhas consecuencias sociais e sanitarias que levarán detrimento, un paso atrás nos logros conseguidos na redución e control da devandita infección.

Esta desición supón, un abandono do Goberno español en canto á súa responsabilidade de garantir o acceso igualitario aos servizos de protección socio-sanitaria en todo o territorio e para toda a cidadanía.

Neste sentido, non debemos esquecer o problema engadido da retirada do cartón sanitario aos estranxeiros en situación irregular, as graves consecuencias que terá na saúde individual e colectiva. Esta exclusión do sistema sanitario ou a dificultade de acceso ao tratamento, implican unha deterioración da saúde comunitaria e unha falta de control sanitario respecto da transmisión de enfermidades infectocontagiosas, o que xerará un serio problema de saúde pública. Ademais supón unha violación dos dereitos humanos e contravén o establecido no artigo 43 da Constitución Española onde se recoñece dereito á protección da saúde.

O aforro económico non xustifica nin compensa un retroceso na resposta do VIH no noso país, posto que a prevención é moito máis rendible que o tratamento posterior da enfermidade e, xa que logo, este aforro non será real se aumenta o número de novas infeccións por VIH.

Esta irresponsabilidade non é unha cuestión exclusivamente sanitaria senón tamén política e xurídica posto que o Goberno de España tomou unha decisión ao obviar completamente a estrutura institucional recoñecida legalmente para tomar este tipo de decisións, como é a Comisión Nacional de Coordinación e Seguimento de Programas de Prevención da Sida, encargada de coordinar as políticas de prevención do VIH no noso país e na que participan diferentes Ministerios, as Comunidades Autónomas e as ONG, tomando esta decisión sen contar en ningún momento coa opinión dos diferentes axentes que participan nesta Comisión Nacional e sen informar con claridade a estes sobre os termos reais da decisión tomada.

A eliminación destas transferencias económicas ás Comunidades Autónomas poría en perigo a resposta fronte ao VIH/SIDA no noso país. Ata o momento, este diñeiro destinábase á subvención de accións de prevención do VIH desenvolvidas por organizacións sen ánimo de lucro, locais ou autonómicas, entidades especializadas en atención e prevención do VIH que desenvolvían accións con colectivos aos que o sistema público non chega.

Para chegar a ser o que somos na actualidade, foi imprescindible o traballo anónimo de moitas persoas, asociacións e ONG`s. As súas achegas en educación, apoio psicolóxico, en comunicación e sensibilización sobre o VIH/SIDA levou á loita frontal a incompreensión e intolerancia, alicerce indispensable para este avance. E sería un erro non recoñecer o seu labor e non recordalo, nestes momentos, en que por fin se conseguiron certos avances importantes.

Así mesmo, a decisión unilateral tomada polo Goberno Central suporía un claro retroceso na resposta fronte ao VIH/SIDA, e contradiría claramente os acordos internacionais (tanto económicos como políticos) que asumiu o goberno español ante organismo como o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/SIDA (ONUSIDA), a Asemblea Xeral de Nacións Unidas (UNGASS), a Organización Internacional do Traballo (OIT) ou o Parlamento Europeo (PE), para garantir os programas de VIH cara ao “Obxectivo Cero”: un mundo con cero novas infeccións polo VIH, cero discriminación e cero mortes relacionadas co VIH/SIDA.

Por iso, os Grupo do PSdeG-PSOE e BNG diante do Pleno da Corporación Municipal presentan, para que sexa aprobada, a seguinte **moción**:

1.- Que como compromiso do consistorio, publíquense en todos os espazos de publicidade de titularidade pública cartelería e dípticos sobre campañas de concienciación de prevención do VIH/SIDA. Sobre todo naqueles edificios públicos onde os usuarios sexan os máis novos. E que dito compromiso complementétese ao longo da lexislatura con programas de prevención do VIH/SIDA, colaborando con asociacións, colectivos e/ou ONG`s, referentes no noso territorio.

2.- Que como xesto de apoio e sensibilidade do goberno municipal fronte ao VIH/SIDA e do resto de forzas políticas, se aprobe e dea lectura a un manifesto baseado nos motivos expostos nesta moción.

3.- Trasladar aos movementos asociativos, colectivos e/ou ONG`s, referentes no noso territorio da Comunidades Autónoma, á Consellería de Sanidade e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, mediante comunitado oficial:

*O rexeitamento ante a retirada do cartón sanitario a inmigrantes non regularizados, non só por motivos solidarios e de xustiza social, senón tamén de saúde pública, fronte a casos como as infeccións por VIH/SIDA.

* O posicionamento a favor da recuperación do Plan Nacional sobre a SIDA, como organismo coordinador, e a elaboración dun novo Plan Multisectorial fronte ao VIH/SIDA. E que se consignen explicitamente as partidas económicas para iso nos Orzamentos Xerais do Estado que se elaboren nos próximos anos.

* O apoio á existencia e desenvolvemento dos Plans ou Servizos Autonómicos de resposta ao VIH; garantindo ademais a continuidade dos programas desenvolvidos polas ONG co fin de evitar a desatención das miles de persoas que están detrás destes servizos.

* A vontade para que todos os estamentos públicos cumpran cos acordos internacionais no ámbito do VIH/SIDA que o noso país comprometeuse fronte a ONUSIDA, UNGASS, OIT e o Parlamento Europeo, todos eles para alcanzar o “OBXECTIVO CERO: un mundo con cero novas infeccións por VIH, cero discriminación e cero mortes relacionadas coa SIDA”.

* A vontade de reivindicar a aclaración por parte do Goberno de España e a Consellería de Sanidade as consecuencias da aplicación do Real Decreto-Lei, de 20 de abril, que pretende ou vai supor

para as persoas con VIH/SIDA, o pago do 50% do tratamento ambulatorio que reciben nos hospitais.

No entanto, o Concello en Pleno acordará o que máis proceda.>>

Incorporase a sesión no salón de plenos a interventora D^a. Agueda Bello Valdés.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que nesta mocións vanse abster

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a van a aprobar. A maiores do espresado na moción presentada, debo engadir que un alto porcentaxe das persoas infectadas descoñecen a súa situación, calculándose que en Galicia hai arredor de 8.000 persoas con VIH, das que un 25-30% non están diagnosticadas. Outro aspecto importante é que os novos diagnósticos fánse de forma tardía a pesares de que o acceso ás probas son libres e gratuitos, así entendemos que un dos obxectivos prioritarios debe ser a mellora das políticas de prevención e de diagnóstico precoz, obxectivos imposibles de acadar si se continúa coa política de recortes.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a van a aprobar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 0 votos en contra e 3 abstencións (os 3 do P.P.), do total de 12 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.4.- DIANTE DO 25 DE NOVIEMBRE DE 2012, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (RXE nº 8143, do 13/11).

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 12 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

Abandona o salón de Plenos o concelleiro do PP D. José Luís Castiñeiras Lesende.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das Administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas.

Malia os esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos aver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar ás mulleres que deciden dar o paso: a axuda coñecida como salario da liberdade, chegou en 2010 a 369 mulleres e só a 251 en 2011.

A incerteza sobre a continuidade da gratuidade da xustiza e a suba de taxas xudiciais a particulares, que cuestionen o dereito á tutela xudicial, pode influír na decisión de interpoñer unha denun-

cia. Hai que lembrar que en Galiza, dende 2009 redúcense cada ano as denuncias, tanto en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, como na porcentaxe que supón das denuncias no Estado, do 4,5% en 2009 ao 3,8% en 2011, sen que esta redución se poda achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Seguen sen desenvolverse medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas. Unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

Moitos concellos teñen sido pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a vivir sen violencia.

Por todo isto, propñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a:

- 1. Mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero.**
- 2. Desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos.**
- 3. Garantir a tutela xudicial das vítimas evitando a disuasión económica das taxas xudiciais.**

A Corporación municipal acorda dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.>>

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di '25 de novembro de dous mil doce "augas pasadas non moven muíño".

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, expón que a proposta si que se presentou en prazo, que a intención era boa, e a idea é que o concello poña o seu grao de area colaborando no que se poda para afrontar esta situación, aínda que teña pouco persoal para ilo.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, pide turno de replica para dicirlle ao concelleiro de PP que este é un tema en que hai que insistir todos os días, que non se trata só dunha data concreta, que temos casos recentes que a falta de axudas non van minorar o apoio as mulleres que a sofren, e por parte da concellería de servizos sociais se trazarán as liñas para que as que se atopan nesa situación poñéndoa en contacto con quen poida axudalas.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que é un aspecto formal ao que aludiu coa data.

Incorporase o salón de Plenos o concelleiro do PP D. José Luís Castiñeiras Lesende.

O alcalde o primeiro que quere dicir é que se non se titulara o día da violencia da muller e fora contra os recortes nesta materia tería vixencia, engade que é un traballo transversal, non só da concellería de servizos sociais, muller ou igualdade senón que se trata de botar unha man dende o municipio como podería ser a través do CIM (centro de información a muller) afrontándoo dende esa perspectiva máis ampla.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 0 votos en contra e 3 abstencións (os 3 do P.P.) do total de 12 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

7.5.- APOIO Á FOLGA XERAL DO 14 DE NOVEMBRO PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O TRABALLO EN GALIZA (RXE nº 8144, do 13/11).

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 12 concelleiros dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A destrución de emprego avanzou de xeito imparábel desde o inicio da actual crise económica. As políticas emprendidas agravaron aínda máis a situación de miles de persoas no noso país, ao tempo que protexen aos verdadeiros culpábeis da actual desfeita económica e social.

100.000 persoas máis ficaron sen emprego en Galiza neste período de crise económica, superando xa as 267.000, un 20 por 100 da poboación activa. As decisións políticas que se están a adoptar están a ter unha influencia decisiva no empeoramento das condicións de vida das maiorías sociais. Cada nova “reforma” supón un recorte en servizos públicos e un retroceso en conquistas sociais.

A democracia tamén está a ser abatida co pretexto da crise. Cada vez á máis evidente que se goberna en institucións e organismo afastados, que non está sometidos ao referendo popular. Quen decide realmente non ten que dar contas, e os gobernos que son escollidos en procesos electorais, simplemente se adican a cumpriren os mandatos, sen atreverse a retrucar ningunha das imposicións dos grandes poderes financeiros que perseguen. Os Gobernos do PP en Madrid e Galiza coídan non só de que a crise non afecte a ditos poderes, senón tamén para indiscriminadamente máis impostos para sanear os balances da banca privada.

O FMI, o BCE, a UE, deseñan a poítica económica. Rajoy e Feijoo límtanse a executar, aplicando receitas fracasadas, ineficaces, que sitúan xa a unha ampla maioría de persoas a carón do abismo, sen traballo nin rede social de cobertura.

Canto máis se alonxan os centros de decisión, máis inxustas son as políticas adoptadas, máis se agudiza a crise económica.

Saír da crise económica para moitas galegas e galegos significa poder ter un traballo. E poder xerar emprego para eses miles de persoas que aspiran a telo só poderá vir da man de reactivar os sectores produtivos básicos da nosa economía, para o que precisamos ter maior capacidade de decisión en Galiza para darlles apoio e orientalos polo camiño dun desenvolvemento sustentábel.

Galiza ten ferramentas para superar a crise: recursos, coñecemento e vontade de moitas persoas para saír adiante con éxito. Mais ten que ter capacidade para exercelas, ten que poder exercer a súa soberanía económica para xerar emprego e benestar para as maiorías sociais de Galiza.

O vindeiro 14 de novembro temos unha oportunidade de reivindicar unha saída xusta á crise. A prol das galegas e galegos e non dos mercados financeiros. A prol de que Galiza avance nun desenvolvemento económico e social parello á mellora das condicións de vida das maiorías sociais.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Manifestar o apoio ás mobilizacións e á folga xeral convocadas para o 14 de novembro polas organizacións sindicais representativas e par impulsar a economía e o traballo en Galiza.>>

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di “Onde non hai fariña sen relón todos falan sen razón”. Por iso van votar en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que esta de acordo coa moción e así o apoiaron nos actos da folga e por iso a van aprobar.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, manifesta o seu apoio á folga que se convocou para facer fronte as medidas que se están adoptando e que están acabando co futuro deste país.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 6 do BNG e 3 do PSOE-PSdeG), 3 votos en contra (os 3 do P.P.) e 0 abstencións do total de 12 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogo 1.- O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, di que a petición dos veciños de Araño piden que sexa levado ao pleno o tema da cesión do terreo que se corresponde cunha pista deportiva para a que teñen subvención.

O alcalde di que a día de hoxe non lle consta que teñan concedida a subvención, que a están tramitando, e que en calquera caso xa dispoñen de autorización municipal inicial, sen prexuízo do que precisen tramitar.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que tamén están de acordo con acadar esa instalación deportiva pero quere aclarar que o titular é a Comunidade de Montes Veciñais en Man común do Araño, que precisará da autorización da Consellería do medio rural. É algo que depende da CMVMC a día de hoxe, que non tería o problema o concello en recibir a cesión pero o problema era a superficie do terreo que non reunía a superficie mínima esixida. Así que salvo ese tema poderían levar o proxecto eles directamente a cabo sen prexuízo de obter os permisos urbanísticos.

Rogo.2. A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, pide o apoio ao sector leiteiro que se ve afectado para que o concello pódase sumar ao apoio que precisen.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:31 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:33 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo